

A FIESTRA DO ILLA

CURSO 2024/ 2025



IES ILLA DE SAN SIMÓN

ÍNDICE

DE CONTIDOS

UNHA SEMANIÑA ENTEIRA: FALANDO GALEGO NO ILLA SAN SIMÓN	PAX. 4
LETRAS GALEGAS	PAX. 5
O SAMAÍN ENCHE DE MAXIA E TRADICIÓN O ILLA DE SAN SIMÓN	PAX. 6
O ILLA NO PLENO INFANTIL DE REDONDELA	PAX 7
MAGOSTO: CASTAÑAS, RISAS E TRADICIÓN	PAX 8
25N: ALZAMOS A VOZ CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO	PAX. 9
FRANCISCO CASTRO VISITA O IES ILLA DE SAN SIMÓN DA MAN DO CLUB DE LECTURA	PAX. 10
ENTREGA DE DIPLOMAS ÁS ALUMNAS PARTICIPANTES NO PROGRAMA EDUREFERENTES	PAX. 11
O ALUMNADO DE 1º DA ESO VISITA O MUSEO PROVINCIAL DE PONTEVEDRA	PAX. 12
PRESENTAMOS UNHA CURTA AO FESTIVAL DE ANDAINA	PAX.13
FROITA E LEITE NA ESCOLA	PAX. 14
MARCHAMOS A CORUÑA	PAX. 15
TEATRO EN INGLÉS LET'S GO TO THE THEATRE	PAX. 16- 18
PROXECTO RÍOS I DEFENSA DO MACEIRAS: CUSTODIANDO A VIDA DUN RÍO	PAX. 19-20
VISITA A DEPURADORA DE REDONDELA	PAX. 21- 23
COLOQUIO: COA ESCRITORA EVA MEJUTO	PAX. 24
EDUCAR EN XUSTIZA	PAX.25
MULLERES REFERENTES DE REDONDELA	PAX. 26
FEIRA INTERNACIONAL OPENSOURCE DE CAMBRE	PAX.27
RETOS DE GALICIENCIA E CREATIVITY	PAX. 28
ACTIVISMO LINGÜÍSTICO NO ILLA	PAX. 29
DÍA DA MULLER E DA NENA NA CIENCIA	PAX. 30- 32
EXCURSIÓN: SALAMANCA, MADRID E TOLEDO	PAX. 33- 34



ENTROIDO NO IES ILLA DE SAN SIMÓN: MONICREQUES E DIVERSIÓN!	PAX. 35
FIC ANDAINA	PAX. 36
ENXAÑERÍA XENÉTICA. VISÍTANOS ALEJANDRO ROMERO, INVESTIGADOR DO CSIC	PAX. 37
DRAGÓNS E ANIMÁIS ALADOS. ESCULTURAS NA AREA NA PRAIA DA LANZADA	PAX. 38- 39
UN MURAL PARA CONMEMORAR 25 ANOS DE HISTORIA	PAX. 40- 43
PARTICIPAMOS E GAÑAMOS O APPS FOR GOODS	PAX. 44- 45
ARTELIXO 2025. TRANSFORMAMOS OS REFUGALLOS EN ARTE	PAX. 46- 47
COÑECEMOS HISTORIAS. VISITAMOS A BIBLIOTECA HUMANA	PAX. 48
UN DÍA NO CASTELO DE SOUTOMAIOR	PAX. 49
CÍRCULO RESTAURATIVO. ARREDOR DO LIBRO "UTOPIÍA, UNHA AVENTURA FILOSÓFICA"	PAX. 50
GALIMATE	PAX. 51
OLIMPIÁDA MATEMÁTICA	PAX. 52
OS GRUPOS DE ORATORIA NO PARLAMENTO GALEGO	PAX.53
XOGAMOS AO PÁDEL	PAX. 54
APRENDEMOS A SALVAR VIDAS NO ILLA. RCP	PAX. 55
REDONDELA INVESTIGADA	PAX.56
ACTIVIDADE DE REMO NA ENSENADA DE SAN SIMÓN	PAX. 57
TORNEO DE XADREZ. INTERCENTROS 2025	PAX. 58
VISITAMOS O ARQUIVO MUNICIPAL DE REDONDELA	PAX.59
SALVAR A AUGA DE REDONDELA	PAX. 60- 61
25 NON SON NADA... E O SON TODO	PAX. 62- 63
CELEBRAMOS 25 ANOS DO ILLA SAN SIMÓN	PAX. 64- 65

UNHA SEMANIÑA ENTEIRA: FALANDO EN GALEGO NO ILLA SAN SIMÓN

O noso centro sumouse con entusiasmo ao reto **Unha semaniña enteira**, unha iniciativa impulsada polos institutos de Redondela para celebrar o **Día de Rosalía de Castro** e fomentar o uso do galego oral durante sete días consecutivos.

Do 17 ao 23 de febreiro, o alumnado tivo o desafío de empregar o galego en todos os ámbitos da súa vida cotiá: nas aulas, nos recreos, nas actividades extraescolares, na casa, cos amigos e mesmo nas redes sociais.

Para rexistrar os seus avances, cada participante recibiu un cartón no que ía cubrindo selos a medida que demostraba que falaba galego ao longo do día. O obxectivo era claro: amosar que o galego pode estar presente en todas partes, todos os días.

Durante esa semana, os recreos no Illa enchéronse tamén de música galega, creando un ambiente festivo e de reivindicación da nosa lingua. As cancións en galego, escollidas co apoio do alumnado, serviron para visibilizar o talento musical na nosa lingua e achegar estilos diversos a todos os gustos.

Desde o Illa, valoramos moi positivamente esta proposta, que nace da preocupación compartida polo descenso do uso da lingua entre a mocidade. Actividades como esta axúdannos a crear espazos seguros e divertidos para expresarnos en galego con orgullo, seguindo o exemplo e a forza de Rosalía de Castro.



O DÍA DE ROSALÍA DE CASTRO DE 2025 CELÉBRASE O 24 DE FEBREIRO, O DÍA DO 188 ANIVERSARIO DO SEU NACEMENTO.

LETRAS GALEGAS:

TEXTO DE PAULA GARCÍA, LEIRE FERNÁNDEZ, SOFÍA MOUKHASS, HUGO FERMOSELLE (3º A)

Os alumnos e alumnas do instituto IES Illa de San Simón fixemos unha exposición das Letras Galegas do 2025.

Este ano 2025 a Real Academia Galega adicou as letras galegas ás Cantareiras. Os alumnos de 1º, 2º, 3º e 4º realizamos unha busca de cantigas tradicionais para elaborar unha exposición que penduramos na semana das Letras. Tamén fixemos unhas pandeiretas en 3D que se repartiron no recreo do venres de esa semana.

Esta exposición expúxose na entrada do instituto e consta de cantigas populares galegas de transmisión oral, esas cantigas son unha composición en verso á que se lle pon música para ser cantadas.

A Real Academia Galega acordou dedicar o Día das Letras Galegas 2025 á poesía popular oral, personificado en Adolfin e Rosa Casás Rama, de Cerceda, Eva Castiñeira Santos, de Muxía, e Manuela Lema, Teresa García Prieto e Prudencia e Asunción Garrido Ameixenda, integrantes estas catro das Pandeireteiras de Mens (Malpica). As cantareiras foron o principal medio de transmisión da música tradicional galega, pasando as cancións de nais a fillas, evitando a perda de coñecemento.

É unha representación colectiva, como xa se fixo na elección dos trovadores da ría de Vigo en 1998, cos que se rendeu homenaxe á poesía medieval. Coa elección de 2025 quérese recoñecer a importancia da poesía popular oral, que acompaña a nosa sociedade desde sempre.



O SAMAÍN

ENCHE DE MAXIA E TRADICIÓN O ILLA DE SAN SIMÓN

Chega o outono e con el unha das festas máis esperadas no noso instituto: o Samaín. No IES Illa de San Simón celebramos esta tradición galega con moita ilusión, recuperando costumes antigos e combinándoa coa creatividade do alumnado.

O Samaín ten unha historia milenaria que nos conecta coas nosas raíces celtas. Críase que, na noite do 31 de outubro, as almas dos defuntos podían regresar ao mundo dos vivos. En Galicia, esta tradición mantívose viva ao longo dos séculos, converténdose nunha das celebracións máis auténticas da nosa cultura.



No noso centro, o Samaín non pasa desapercibido. Organizamos unha chea de actividades nas que participa toda a comunidade educativa. Este ano destacaron:

Concurso de portas terroríficas: O alumnado púxose mans á obra para crear decoracións terroríficas nas portas de cada aula.

II Certame de Curtametraxes de Terror: Por segundo ano consecutivo, puxemos en marcha este concurso no que os grupos crearon curtas con historias arrepiantes. O resultado foi espectacular, demostrando o talento e a imaxinación que temos no Illa.

O Samaín no Illa é unha maneira de aprender divertíndonos, coñecer a nosa cultura e compartir experiencias entre compañeiros e profes. É tamén unha ocasión para valorarmos as nosas tradicións e sentírmolos parte dunha comunidade que vive o galego e a historia con orgullo. Seguiremos celebrando o Samaín con forza, facendo que cada ano sexa aínda máis máximo que o anterior!

O ILLA NO PLENO INFANTIL DE REDONDELA

O pasado mes de outubro, o alumnado de 3º da ESO do IES Illa de San Simón participou no Pleno Infantil do Concello de Redondela, unha iniciativa que ten como obxectivo achegar á mocidade ao funcionamento das institucións públicas e darlles voz nas cuestións que lles afectan.

Durante a sesión, celebrada no salón de plenos do concello, o noso alumnado tivo a oportunidade de coñecer de preto como se desenvolve unha sesión plenaria, ademais de reflexionar e debater sobre temas sociais, ambientais e culturais que preocupan á xente nova da nosa vila.

A representación do Illa estivo en moi boas mans grazas á intervención de Antón e Mara de 3º A e B, que tomaron a palabra con seguridade e compromiso. As súas propostas xiraron arredor da mellora dos espazos verdes, ou a creación de actividades culturais para a mocidade.

Esta experiencia foi unha oportunidade de excelente para practicar habilidades de oratoria, aprender sobre participación cidadá e facer sentir a voz do noso instituto.




MAGOSTO: CASTAÑAS, RISAS E TRADICIÓN

O fume saíndo das castañas asadas, o arrecendo do outono no aire, as risas no patio e a alegría compartida entre compañeiros e profes... Así comezou a mañá do 8 de novembro, cando no IES Illa de San Simón celebramos o Magosto.

Esta celebración tradicional, ligada á colleita da castaña e ao cambio de estación, converteuse no noso centro nunha oportunidade perfecta para lembrar as nosas raíces e gozar dun día diferente. O ambiente no instituto era especial: a música soando polo altofalante, o profesorado implicado na organización e o alumnado participando con entusiasmo nas diferentes propostas. Un dos momentos máis esperados foi, como non podía ser doutro xeito, o reparto de castañas asadas. Pero o Magosto no Illa non foi só para comer.



Durante toda a mañá, organizáronse xogos populares nos que o alumnado amosaron a súa forza, habilidade e espírito de equipo. Houbo carreiras de sacos, xogos de puntería, tiro da corda, a chave e outras propostas pensadas para recuperar eses xogos de sempre que forman parte da nosa memoria colectiva.



Foi unha mañá para compartir, para rir, para moverse e desconectar por unhas horas do ritmo habitual das clases. E sobre todo, foi unha mañá para celebrar xuntos unha tradición que nos identifica como pobo e que queremos seguir mantendo viva no noso centro. O Magosto é unha festa que nos une, que nos conecta coa nosa terra e que demostra, ano tras ano, que tradición e aprendizaxe poden ir da man.

Xa contamos os días para o próximo!

25N: ALZAMOS A VOZ CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO



O pasado 25 de novembro, no IES Illa de San Simón conmemoramos o **Día Internacional para a Eliminación da Violencia contra a Muller** cunha serie de accións que fixeron visible o noso compromiso coa igualdade e a xustiza.


Durante a semana previa ao 25N, o alumnado de diferentes cursos implicouse activamente na creación de dúas intervencións visuais que fixeron reflexionar a toda a comunidade educativa. Elaboramos unha exposición nome de todas as mulleres asasinadas no ano 2024 no estado pola violencia machista. Cada nome foi escrito con coidado e respecto, convertendo os corredores do instituto nun espazo de memoria e denuncia. Un recordatorio de que detrás das cifras hai vidas, historias truncadas e familias rotas.

Tamén elaboramos un mural cun buzón, onde convidamos ás mulleres do IES a compartir, de forma anónima, experiencias de violencia que sufriran nalgún momento da súa vida. As mensaxes depositadas fixeron visible que a violencia non sempre é algo afastado, senón que pode estar presente nas nosas contornas máis próximas e nas situacións máis cotiás.

Estas iniciativas tiveron como obxectivo crear conciencia, dar voz ao que moitas veces se cala e fomentar un espazo seguro no que todas as persoas poidan sentirse acompañadas e escoitadas. No Illa seguimos convencidas de que a educación é clave para erradicar a violencia de xénero. A loita contra a violencia machista tamén se constrúe desde as aulas.

FRANCISCO CASTRO

VISITA O IES ILLA DE SAN SIMÓN DA MAN DO CLUB DE LECTURA



Este curso tivemos o pracer de recibir no noso instituto ao escritor Francisco Castro, nun encontro organizado polo Club de Lectura do IES Illa de San Simón.

A actividade estivo centrada na lectura da súa obra Chamádeme Simbad, un libro que o club traballou nas semanas previas ao encontro e que provocou interesantes reflexións arredor de temas como a imaxinación, a enfermidade, a memoria e os vínculos familiares.

Durante a visita, Francisco Castro compartiu con nós a historia detrás da novela, a súa traxectoria como autor e editor, e tamén a súa visión da literatura como ferramenta de cambio social. Animou ao alumnado a escribir, a ler con espírito crítico e, sobre todo, a vivir con intensidade a lingua galega como un dereito e unha fonte de orgullo.



O coloquio foi dinámico e participativo, as alumnas e alumnos do club fixeron preguntas sobre os personaxes, o proceso creativo e as mensaxes que se agochan entre liñas.

Ao remate, Francisco Castro, asinou exemplares do libro e agradeceu a lectura da súa obra, ao tempo que destacou o valor que ten o club de lectura nos centros educativos como espazos de pensamento e emoción compartida.

ENTREGA DE DIPLOMAS ÁS ALUMNAS PARTICIPANTES NO PROGRAMA EDUREFERENTES



No IES Illa de San Simón fixemos entrega dos diplomas ás alumnas que participaron no programa Edureferentes durante o curso 2023-2024, unha iniciativa da Xunta de Galicia que promove a igualdade de xénero a través do coñecemento de referentes femininas nos eidos da ciencia, a cultura, o deporte ou a acción social.

O noso centro formou parte deste programa ao longo do pasado curso, cun grupo de alumnas de 3º da ESO que desenvolveron un traballo importante arredor das traxectorias de mulleres galegas. A súa participación amosou unha vez máis o compromiso do alumnado coa construción dunha sociedade máis xusta e igualitaria.

Este curso, o director do centro fixo entrega dos diplomas de recoñecemento ás participantes, nun acto sinxelo mais cheo de significado. Con este xesto, puxemos en valor o seu esforzo, a súa implicación e a importancia de continuar visibilizando as achegas das mulleres en todos os ámbitos.

Parabéns ás nosas Edureferentes!



O ALUMNADO DE 1º DA ESO VISITA AO MUSEO PROVINCIAL DE PONTEVEDRA


O alumnado de 1º da ESO do IES Illa de San Simón participou nunha saída didáctica ao Museo de Pontevedra. Unha actividade organizada co obxectivo de achegar o noso patrimonio histórico e artístico ao estudantado.

A visita centrouse especialmente nas salas dedicadas á Prehistoria, un período que están a traballar nas aulas de Xeografía e Historia. Grazas ás explicacións do persoal do museo, o alumnado puido descubrir obxectos orixinais como útiles de pedra, cerámicas, armas, xoias e figuras que axudan a entender como vivían os nosos antepasados. Chamou especialmente a atención a exposición sobre o mundo castrexo.

A través desta experiencia directa coas fontes materiais da historia, o alumnado ampliou os seus coñecementos sobre as etapas prehistóricas e comprendeu mellor a evolución das sociedades humanas na nosa contorna.



PRESENTAMOS UNHA CURTA AO FESTIVAL DE ANDAINA



O alumnado de 1º ESO coa axuda do departamento de orientación e algún profesorado presentou este curso ao FIC Andaina unha curta titulada "O silencio" na que quixeron deixar constancia de que só ao traspasar a barreira do silencio podemos darnos conta de canto illamento podemos provocar, por iso deciron experimentar o mundo sonoro ao revés.

Este Festival Internacional de Curtas relacionadas coa diversidade funcional leva moitos anos contribuíndo a favorecer a inclusión e este curso por fin ademais de espectadores, o noso alumnado logrou participar tamén do outro lado da pantalla.

FROITA E LEITE NA ESCOLA



Por segundo ano consecutivo tivemos a sorte de participar no programa "Froita e Leite na Escola", unha iniciativa que busca promover hábitos alimentarios saudables. Este programa ofreceunos froita fresca e leite para consumir durante os recreos.

A froita que recibimos foi variada e deliciosa: mazás, peras, plátanos, nísperos...



MARCHAMOS Á CORUÑA

TEXTO DE SHEILA BLANCO, UNAI TOMBO, MARA COUÑAGO E JULIA FERNÁNDEZ (3ºA)

Os alumnos e alumnas de 3º do IES Illa de San Simón o luns 3 de Febreiro de 2025 asistimos a Coruña para ver tres cuestións relacionadas coa ciencia e a bioloxía.

Cando chegamos alí despois de unha hora e media de bus fomos ao museo do Domus. Alí vimos exposicións e participamos en diferentes xogos relacionado coa ciencia e o ser humano. Aprendemos cousas relacionadas co noso corpo, como por exemplo a cantidade de auga que temos no noso corpo según o peso ou o alto que podemos saltar... E ata vimos un parto!

Do Domus camiñamos ata o Aquarium Finisterrae. Nada máis chegar comemos na cafetería do acuario, ao rematar de comer, un guía falounos sobre a historia do acuario e ensinounos un tanque moi coñecido con diversas especies entre elas o famoso quenlla que non tivemos a sorte de podelo ver.

Por último asistimos a Casa das Ciencias a ver libremente xogos e exposicións sobre descubrimentos da ciencia. Ao acabar de ver as exposicións fomos ao último piso da casa onde se encontraba o planetario. Dentro do planetario unha traballadora explicounos as diferentes estrelas e constelacións da nosa galaxia. Logo collemos o bus e marchamos cara a Redondela.

En conclusión, esta excursión gustounos moito xa que ademais de ser entretida en todos os establecementos tamén aprendemos moito sobre a ciencia.



TEATRO EN INGLÉS

LET'S GO TO THE THEATRE

In April, 2025 our 3º and 4º ESO students went to the Multiusos of Redondela to see the play "The End of the Beginning", by Moving On Theatre Company. It was a hilarious show performed by the native speaking actors Fiona Grant and Michael Flanagan. Some of our students took part in the play and showed their great stage talent.

The play is set in the past, just a few months before the official "Brexit" deadline, which meant UK's exit from the European Union. Roberta works as a technical assistant in a central London theatre and she is hard pushed to obtain her British Nationality before the change in the law. She has a number in the queue in the Department of Immigration but she also has to work so any help is welcome. Noa, Alex and Dinara will provide her with assistance for the resolution of her problems.

The Brexit, short for "Britain exit", becomes an excuse to deal with current affairs worldwide such as immigration and the injustices which often occur at borders and frontiers. It also shows how hard it is for a foreign citizen to be fully accepted in a country and the requirements they must fulfill.

If someone wishes to apply for the British Citizenship, they will need to pass the Life in the UK test and they might need to show a good command of the English Language through the SELT (an acronym that stands for Secure English Language Test).

Would you be eligible for naturalization as a British citizen? Check how much you know about topics related to British history, life, culture, politics, and geography. These are questions from real Life in the UK tests. **Give it a try and check your answers afterwards!**

1- Which country's flag is not part of the Union Flag?

a) England b) Wales c) Northern Ireland d) Scotland

2- Which of the events is the bombing of English cities by the Germans?

a) The D Day b) The bomb c) The Blitz d) The Krieg

3- When was The First British Prime minister (Sir Robert Walpole) in power?

a) 1721-1742 b) 1821-1842 c) 1921-1942 d) 2021-2042

4- Which country's national flower is a thistle?

a) England b) Wales c) Northern Ireland d) Scotland

5- Who developed ideas about economics during the Enlightenment period which are still referred to today?

a) Adam Smith b) Isaac Newton c) John Logie Bird d) James Watt

6- A 2-minute-silence is observed on to commemorate the death of those who died fighting for the UK and its allies.

a) Easter b) Christmas c) Remembrance Day d) War day

7- Name the most famous cricket competition, which is a series of Test matches played between England and Australia .

a) Ashes b) Wimbledon c) Masters d) Anfield

8- Which tribes invaded Britain after the Romans had left?

a) The Vikings b) The Jutes and the Anglo Saxons c) The Celts d) The Normans

9- Roast beef is a traditional food of which country?

a) England b) Wales c) Northern Ireland d) Scotland

10- Who tells visitors about the history of the Tower of London?

a) Tourist guides b) University students c) Beefeaters d) volunteers

TEATRO EN INGLÉS

LET'S GO TO THE THEATRE

11- When did Ireland split into two countries?

a) 1940 b) 2020 c) 1922 d) 1975

12- What were the first Women's Social and Political Union group members called?

a) Women vote b) Female Voters c) Let's Vote d) Suffragettes

13- Which work is attributed to William Shakespeare?

a) The Canterbury Tales b) Gulliver's Travels c) Pride and Prejudice d) Hamlet

14- What nature was the Black Death disaster?

a) a war b) a plague c) a hard winter d) a seismic event

15 - There was growth in British film, fashion and music during the 1960s. Which of these was a very popular sixties British pop group?

a) Oasis b) Coldplay c) The Spice Girls d) The Rolling Stones

PROXECTO RÍOS I

DEFENSA DO MACEIRAS: CUSTODIANDO A VIDA DUN RÍO



Este curso académico 2024/2025 o noso IES adheriuse ao “Proxecto Ríos” un proxecto de educación ambiental, coordinado pola asociación ecoloxista Adega que pretende contribuír a incrementar a concienciación ambiental do noso alumnado, ademais de aumentar os seus coñecementos científicos estudando a súa contorna máis próxima.

Dentro deste programa, o noso centro preparou un proxecto titulado “**Defensa do Maceiras: custodiando a vida dun río**”, cuxa finalidade é estudar, protexer, conservar e revitalizar o río Maceiras e o seu ecosistema.

Neste proxecto, participa profesorado de diferentes departamentos e alumnado de diferentes cursos. En bioloxía por exemplo, estúdase a fauna e a flora dos ecosistemas fluviais galegos; en tecnoloxía o funcionamento dos muíños; en xeografía e historia o patrimonio material e inmaterial asociado aos mesmos etc.

O alumnado de 4º da ESO que cursa o itinerario científico é o encargado de realizar as mostras ambientais do río, facendo dúas inspeccións do mesmo: unha no outono e outra na primavera. Para realizar estas inspeccións, desprazámonos ao río Maceiras onde medimos parámetros físico-químicos como: pH, osíxeno disolto ou nitratos; observamos a microfauna do río, e categorizamos a súa flora.

Ademais de todo isto, este alumnado de 4º da ESO participou na XVII limpeza simultánea de ríos “Móllate polos ríos galegos” organizada por Adega e que contou coa colaboración do Concello de Redondela. Quedamos abraiadas coa cantidade de lixo que quitamos en tan só unhas horas!

PROXECTO RÍOS I

DEFENSA DO MACEIRAS: CUSTODIANDO A VIDA DUN RÍO



VISITA Á DEPURADORA DE REDONDELA

No mes de maio o alumnado de 4º da ESO do itinerario científico visitou a Depuradora de Redondela, alí descubrimos de primeira man a onde van parar os residuos líquidos das nosas casas; por que cheira de cando en vez arredor do noso instituto; como se limpan as augas fecais, é dicir, as etapas do seu tratamento; e que se fai cos residuos sólidos e con esta auga unha vez “limpa”. Unha visita necesaria para unha **ciudadanía máis responsable co medio ambiente**.



VISITA A DEPURADORA DE REDONDELA





COLOQUIO: COA ESCRITORA EVA MEJUTO



FRAGMENTO DA ILUSTRACIÓN DA CUBERTA DE A LAVANDEIRA DE SAN SIMÓN.

Este curso tivemos a sorte de coñecer en persoa a autora do libro *A lavandeira de San Simón*, Eva Mejuto.

A actividade organizada polo club de lectura mesturou uns petiscos xunto cun coloquio coa au-

Durante o encontro, a autora compartiu co alumnado o proceso de creación do libro, as fontes nas que se inspirou e a importancia de recuperar a memoria histórica e as voces das mulleres silenciadas.

Grazas a este encontro as alumnas e alumnos do club de lectura coñeceron máis polo miúdo a historia dos represaliados na Illa de San Simón e das mulleres que actuaron con valentía.



EDUCAR EN XUSTIZA



Os alumnos e alumnas de valores éticos participamos novamente no programa Educar en Xustiza. Nesta ocasión os alumnos de 3º A só conseguiron vivir en directo as dificultades propias do facer diario do Xulgado xa que, debido a unha urxencia (unha proba pericial a un menor na que non podían estar presentes) non poideron acceder á sala de xuízos.

O grupo de 3º B tivo mellor sorte e participou como ónte en tres xuízos dos que despois fóron preguntados pola xuíza. O alumnado, tras comprender as dificultades na aportación de probas, absolveu a todos os acusados.

MULLERES REFERENTES DE REDONDELA

TEXTO DE BERTA COUÑAGO, SOFÍA PORTELA, PABLO GONZÁLEZ E NOA ROZAS (3ºB)

Os alumnos de 1º e 3º da ESO do noso centro tiveron unha serie de charlas sobre igualdade e estereotipos, nas que distintas mulleres de Redondela contábanlles a súa experiencia no seu traballo.

Antes da participación de mulleres de diferentes ámbitos de Redondela, tivemos unha sesión cunha traballadora social na que afondamos en como inflúen os estereotipos no día a día das persoas, especialmente as mulleres, afondando en como se educaba aos nenos dependendo do seu sexo.

Nestes obradoiros separáronos para ver como reaccionaban estando o sexo masculino e feminino sós e como actuaban cando estaban xuntos.

Na primeira charla veu unha muller que traballa na asociación "Lenda" onde nos contou en que consiste o seu traballo, como é o día a día das persoas que van alí e de o duro que é ese traballo e o pouco valorado que está.

A segunda traballaba no centro de día "Os Cortizos", tamén nos contou a súa experiencia traballando alí, as distintas actividades que facían como cociñar, bailes, alfombras... Tamén falou de que o centro de día é moito máis barato que unha residencia e é moito máis accesible para as persoas con poucos recursos. Por último díxonos que alí ao ser un traballo de coidados a maioría se non todas as traballadoras eran mulleres, mais, o xefe do centro é un home.

Por último na terceira charla unha muller autónoma contounos como é ter un comercio local sendo muller. Ela leva a tenda coa axuda do seu marido e os tratan distinto dependendo do que quera vender ou comprar a xente, no ámbito de pagar facturas ou falar cō dono da tenda dirixense ao home pero para pedir recomendacións de maquillaxe falan con ela.

Todos estes oficios teñen estereotipos inculcados dando a entender que o home é o que ten postos importantes e a muller debería ocuparse dos coidados.



FEIRA INTERNACIONAL OPENSOURCE DE CAMBRE



Este ano o Club de Ciencia comezamos a nosa actividade recén comezado o curso, onde participamos na feira internacional Openscience de Cambre co noso proxecto ECOBIOPLASTICS, onde amosamos diversos plásticos feitos con materiais de procedencia animal e vexetal e completamente biodegradables dos proxectos de secundaria.

O equipo participante estaba integrado por **Uxía Ballesteros, Elba Ferreira, Jheneba Novelle e Helena Romero** que xa viñan de participar en Soutomaior levando o **primeiro premio**.

A experiencia foi moi enriquecedora, xa que coñecemos rapaces de diversas nacionalidades e ademais gañamos o 3º posto dentro dos proxectos de secundaria.



RETOS DE GALICIENCIA E CREATIVITY

Durante os meses de xaneiro e febreiro, no club de Ciencias traballamos arreo nos retos de Galiciencia, e grazas ao gran traballo dos rapaces e a que presentamos dous proxectos, conseguimos a visita gratuita a Galiciencia no mes de maio, onde participou todo o noso alumnado de ciencias do centro.

Os nosos alumnos Mateo Couñago de 4ºB e Simón Pérez de 3ºB participaron en Galiciencia do 14 ao 16 de maio co proxecto "Redes neuronais: comparando as neuronas biolóxicas coa intelixencia artificial".

Outra das actividades nas que participamos foi o obradoiro creativity, unha proposta da fundación a Caixa na que o alumnado de 2º da ESO tivo a ocasión de experimentar, indagar e crear con diferentes materiais, onde primaba sobre todo a creatividade.



ACTIVISMO LINGÜÍSTICO NO ILLA

Este curso tivemos o pracer de recibir no noso instituto a dous convidados moi especiais: Borxa, creador da páxina Orgullo Galego, e Carlos García Vieito, creador do videopodcast Exército Mekemeke e impulsor da campaña Twitter en galego.

Borxa achegounos á realidade das redes sociais na lingua propia aos alumnos e alumnas de 1º e 2º de ESO. Ensinounos creadores e creadoras de contidos en galego, así como a importancia de poder acceder a contidos en Tiktok en Instagram en lingua galega.

Carlos García compartiu a súa traxectoria como activista dixital en galego con todo o alumnado do centro. Carlos foi o impulsador da campaña Twitter en Galego e con só 18 anos conseguí que Twitter tivese tradución ao galego.

Amais, participou tamén na coñecida “Operación Albóndega”, que conseguiu que IKEA introducise rótulos na nosa lingua. Por último presentounos o seu videopodcast Exército Mekemeke, unha mestura de humor, cultura pop, reflexión e identidade galega, recoñecido nos premios YouTubeiras+ e nominado a un premio Ondas.

Durante o encontro, ambos falaram da importancia de ser activistas pola nosa lingua propia. Responderon ás preguntas do alumnado e puxeron en valor como a lingua e a identidade poden ser ferramentas para transformar o mundo.



DÍA DA MULLER E DA NENA NA CIENCIA

ESTHER LEDEBERG



Cal foi a súa mellor contribución?

En 1951 Esther revolucionou o mundo da microbioloxía coa invención dunha técnica innovadora para replicar colonias bacterianas en masa con precisión, coñecida como o modelo de réplica en placa.


Microbióloga

O seu traballo foi pioneiro en demostrar a transferencia horizontal de xenes.

Este fenómeno é realmente crucial para entender cómo as bacterias poden adquirir e transmitir rapidamente características como a resistencia aos antibióticos

Quen se levou o mérito?

Joshua, o seu home, obtivo o premio Nobel de Fisioloxía e Medicina polos seus descubrimentos da organización do material xenético nas bacterias, pero non Esther, líder desa investigación.



NO MORE MATILDAS

Co gallo do día da muller e da nena na ciencia, no Club de Ciencias fixemos unha pequena exposición de infografías de mulleres que no seu día foron ninguneadas polo simple feito de ser muller e que sen embargo grazas a súa aportación á ciencia, hoxe en día temos moitos dos avances que coñecemos.

A nosa exposición levou o nome de **#No more Matildas**.



MARTHE GAUTIER

1925-2022
Francia
Doctora e investigadora

Por que destacou?
Coñecida polo seu papel no descubrimento da relación entre enfermidades e anormalidades cromosómicas, máis concretamente o síndrome de Down.

Jérôme Lejeune
Considerouse que foi el o descubridor da trisomía 21

A quen se lle atribuiu o seu descubrimento?

#No more matildas

DÍA DA MULLER E DA NENA NA CIENCIA

Coa mesma finalidade e en colaboración co departamento de Plástica, dentro da materia de Expresión Plástica de 4º da ESO, fixemos outra exposición de mulleres destacadas no ámbito das ciencias, e nos presentamos ao concurso de **Casio, buscamos a unha científica**.



EXCURSIÓN

A SALAMANCA, MADRID E TOLEDO

A excursión comezou pola mañá esperando ao bus, todos estabamos ansiosos e emocionados pola excursión, ao subir ao bus e comezar o viaxe todo estaba ben, ata que houbo un imprevisto co condutor, encontrábase mal.... Por sorte todo foi un susto, pero tivemos que facer una pausa para cambiar de condutor, e de paso paramos a almorzar.

Os profesores invitáronos a un leite e algo para comer, despois desta longa parada seguimos ca viaxe e todo foi perfecto, ata que chegamos a Salamanca. Ao chegar fomos directamente ao hotel e estivemos na habitación 20 minutos. Saímos do hotel e dimos una volta pola cidade na que vimos moitos monumentos culturais, visitamos catedrais, igrexas, e a universidade. Xa cando chegou a noite tivemos tempo libre para cear, e nos deixaron na praza maior e tamén puidemos ir a comprar ás tendas próximas por si queríamos comprar algún recordo.





Ao día seguinte pola mañá visitamos un museo de coches e despois iniciamos a viaxe ata Madrid. Ao chegar deixamos as cousas no hotel e vimos o musical de Aladin, como xa era de noite tivemos tempo libre para cear e despois durmimos no hotel. Pola mañá visitamos cousas culturais de Madrid entre elas vimos o cambio de gardas, e un templo despois estivemos na porta do sol e na praza maior, e tivemos tempo para ir de compra só polos arredores, na hora de comer fomos ao Caixa Forum na que a comida estaba moi boa, e despois de comer para rematar en Madrid estivemos polo retiro.

Iniciamos a viaxe ata Toledo. Ao chegar a Toledo todos quedamos sorprendidos polo bonito que era, entramos ao hotel e, coñecemos a uns alumnos de Cantabria que tamén estaban no hotel, e nada mais comer tivemos que marchar ao Puy du Fou, e estivemos todo o día alí gozando do parque. Ao día seguinte estivemos no museo Alcázar, e a noite fixemos un tour mirando lendas de Toledo e vimos uns camiños por debaixo da terra nunha casa rural. Ao día seguinte almorzamos e marchamos a ver uns cadros moi importantes e despois diso marchamos xa para casa. Sen dúbida unha moi boa experiencia que marcounos moito.



ENTROIDO NO IES ILLA DE SAN SIMÓN: A MONICREQUES E DIVERSIÓN!



Este ano celebramos o Entroido no IES Illa de San Simón cunha festa chea de cor, humor e moita imaxinación. A única condición era pasalo ben, e abofé que a cumprimos!

A temática dos profes proposta para o evento foron os monicreques, que serviu de fío condutor para a escenografía e a ambientación da festa. Porén, o alumnado tivo liberdade total para elixir os seus disfraces, polo que no escenario e nos corredores do instituto conviviron personaxes de todo tipo: heroes e heroínas, criaturas fantásticas, profesionais de distintas épocas, figuras do cine, da música, e mesmo creacións orixinais deseñadas polos propios estudantes.

O momento central da celebración foi a representación no Multiusos da Xunqueira, onde o noso alumnado subiu ao escenario para ofrecer actuacións cheas de humor, baile, teatro e sorpresas. A posta en escena combinou o espírito festivo do Entroido co talento artístico dos nosos alumnos e alumnas.



FIC ANDAINA

TEXTOS DO ALUMNADO DE 3º ESO B



A principios do mes de Maio os alumnos de 1º, 3º e 4º visitaron o Multiúsos de Redondela para ver unhas curtas do FIC ANDAINA.

Na primeira curta unha muller que por culpa dunha operación non puido ter fillos, ela quería ser nai e sentía envexa da súa irmá porque acababa de ter un fillo. A rapaza para canalizar a súa tristura comprou un boneco e facía como se fose o seu fillo. Un día, ela deixou o boneco no coche ao sol e outras persoas o viron e chamaron á policía, ela entrou en pánico e lles contou que era un boneca

A segunda curta chámase "Tito" ao principio sae a nai do que se chama Tito fala cun home nun bar de que perdeu ao seu can. Tito chega ao bar e ten unha liorta moi forte coa súa nai el vaise do bar chorando e cunhas voces falándolle dando a entender que ten esquizofrenia, cando chega a unha finca que parecía ser de el, vese ao fondo a un can colgado dunha corda.

A última curta trata sobre unha nena que acaba de perder a súa nai, o seu pai para afogar as súas penas comezou a ter problemas co alcol e non a coidaba moi ben. Vivían co seu avó que xa estaba moi vello para coidala e tamén con outro home pero que tiña unha discapacidade mental. Asuntos sociais foi á súa casa e lles dixo que como a situación non melloraba tiñan que quitarlle a nena.


As curtas parecerónnos un pouco duras pero estaban moi ben feitas para ao tema que era saúde mental

ENXAÑERÍA XENÉTICA

VISÍTANOS ALEJANDRO ROMERO, INVESTIGADOR DO CSIC

No mes de xuño Alejandro Romero, investigador do Instituto de Investigacións Mariñas acudiu ao noso centro a explicarlles ao alumnado de Bioloxía de 4º da ESO, cal é o seu labor como investigador do CSIC e a facernos varios obradoiros relacionados coa Enxeñería Xenética: unha extracción de ADN e un test de paternidade.

Unhas actividades moi interesantes para o noso alumnado!



PROCESO DE BOSQUEXO E DESEÑO DAS FIGURAS.

DRAGÓNS E ANIMAIS ALADOS ESCULTURAS NA AREA NA PRAIA DA LANZADA

Un ano máis o Departamento de Plástica do IES Illa de San Simón realizou unha actividade artística na praia da Lanzada organizada polo IES do Grove.

O Departamento de Plástica do IES Illa de San Simón participou recentemente nunha actividade creativa e colaborativa na praia da Lanzada, os nosos rapaces estaban entusiasmados. A proposta consistiu na realización de esculturas en area, convertendo a contorna natural nun auténtico espazo de expresión artística.

A temática escollida para esta edición foi “Dragóns e Animais Alados”, un universo cheo de maxia e fantasía que serviu de inspiración para as diferentes creacións. O traballo xa comezara na aula, facendo moitos bocetos e probas en plastilina para ver qué proposta era a máis axeitada para facer o día da actividade con area. O alumnado tivo a oportunidade de poñer en práctica as súas habilidades plásticas, traballar en equipo e gozar dunha xornada ao aire libre combinando arte e natureza.

Esta experiencia non só contribuíu ao desenvolvemento da creatividade do alumnado, senón que tamén fomentou valores como a colaboración, o respecto polo medio ambiente e o aprecio pola expresión artística en espazos non convencionais.





CREATIVIDADE, ILUSIÓN E TRABALLO EN EQUIPO DO ALUMNADO DE EXPRESIÓN ARTÍSTICA NA PRAIA DA LANZADA, COA TEMÁTICA FANTÁSTICA: 'DRAGÓNS E ANIMAIS ALADOS'."



UN MURAL PARA CONMEMORAR 25 ANOS DE HISTORIA PROXECTO CERÁMICO ILUSTRADO

No marco da celebración do 25 aniversario do IES Illa San Simón, o alumnado de 4º da ESO da materia de Expresión Plástica levou a cabo un proxecto artístico moi especial: a creación dun mural cerámico conmemorativo.

O mural foi realizado sobre azulexos cerámicos, empregando a técnica das calcas cerámicas para ilustralo. O proceso creativo comezou cunha fase de investigación e reflexión sobre a historia do centro, a súa contorna e os valores que representa. A partir destas ideas, o alumnado elaboraron bocetos e propostas que finalmente deron forma ao deseño definitivo.

Cómpre destacar a implicación e o entusiasmo co que o alumnado participou en todo o proceso; traballando tamén durante o seu tempo de lecer para poder chegar a tempo á data programada para a súa inauguración. Dende os primeiros esbozos ata a colocación final das calcas, demostraron unha actitude comprometida, creativa e colaborativa que fixo posible este proxecto artístico colectivo.





MURAL DO 25 ANIVERSARIO DO ILLA. PROXECTO CERÁMICO DOS ALUMNOS DE EXPRESIÓN PLÁSTICA





Unha vez definidos os contidos visuais, procedemos á aplicación das calcas cerámicas sobre os azulexos. Este traballo requiriu precisión, coordinación e moita atención ao detalle. Os distintos elementos foron escollidos e colocados coidadosamente para representar tanto a propia identidade do instituto como o vínculo coa illa de San Simón, símbolo de memoria e cultura da vila.

Queremos tamén agradecer ao equipo directivo do centro o seu apoio e confianza, por apostar desde o primeiro momento por esta proposta e facilitarnos os medios para levala a cabo.

O resultado final é un mural que combina arte, técnica e emoción, e que quedará instalado de maneira permanente nas instalacións do centro como símbolo desta efeméride tan especial. Esta obra colectiva é tamén unha mostra do compromiso e talento do noso alumnado, que contribuíu a deixar pegada na historia do IES Illa San Simón.

Graciñas a todas as rapazas e rapaces que participaron neste proxecto,
a vosa ilusión é contaxiosa!

PARTICIPAMOS E GAÑAMOS O APP FOR GOODS TEXTOS DO ALUMNADO DE 4º DE FILOSOFÍA

A clase de filosofía de 4º de ESO participou no primeiro evento rexional de Apps for Good (apps para a inclusión) que se fixo por primeira vez fóra de Portugal, coa participación de centros educativos galegos.

Durante o curso nas clases de filosofía estivemos traballando e desenvolvendo aplicacións que resolvan algún problema da sociedade e acabar con el. As nosas aplicacións se basan nas ODS que son obxectivos de desenvolvemento sostible (redución de desigualdades, saúde e benestar, etc...) e traballamos primeiro nese problema que queríamos solucionar, amosamos as aplicacións, fixemos os carteis publicitarios para expor no market place e por último preparamos os speech onde explicaríamos todo sobre as nosas aplicacións.

As aplicacións propostas foron:

- STIM (protexe as persoas sensibles dos estímulos fortes de luz e de sonido no ámbito tecnolóxico)
- Savepets (favorecer a adopción de animais abandonados)
- TravelTogether (facilitar o traslado en taxis de persoas acompañadas dun animal)
- Vigo360 (axudar a persoas a socializar)





O evento celebrouse no museo MARCO de Vigo no mes de maio. Durante o evento compartimos as nosas aplicacións tres centros cun total de 16 aplicacións. Cando chegamos unha moza deunos unha pulseira que nos recoñecía como estudantes e participantes do evento. Despois entramos e vimos os carteis das nosas aplicacións expostos na sala onde se iba a facer o evento. Empezaron os peech e estábamos bastante nerviosas xa que dentro de pouco íamos expor as nosas aplicacións. As presentacións saíron moi ben e nos sentíamos moi contentas despois de facelas. Cando empezou o market place fixéronnos moitas preguntas e despois dixerón os gañadores. **Gañou unha das nosas aplicacións!! Gañou a aplicación STIMém!!**

Puxémonos moi felices e déronnos un recoñecemento ao IES Illa de San Simón como un colexio Apps For Goods.

Para rematar, estamos moi agradecidas por participar neste evento porque ademais de vivir experiencias novas, pasámolo moi ben, traballamos moito e os resultados foron moi bos. Grazas a profe Patri por guiarnos nesta experiencia e oxalá que máis xente deste instituto poida repetir.

ARTELIXO 2025

TRANSFORMAMOS OS REFUGALLOS EN ARTE

Este curso, o alumnado do IES Illa de San Simón volveu participar no proxecto ArteLixo, unha iniciativa que combina creatividade, reciclaxe e conciencia ambiental. A actividade, organizada polo colectivo Arte Lixo, consiste en crear obras artísticas a partir de materiais de refugallo. A través deste proceso, búscase fomentar a reflexión sobre o consumo, a sustentabilidade e a importancia de coidar o medio ambiente.

No noso centro, o alumnado guiado polo profesorado, traballou para deseñar arte con materiais de refugallo. Durante o proceso, aprenderon a observar os residuos doutro xeito, valorando as posibilidades creativas que agochan os obxectos que normalmente tiraríamos ao lixo.

Ademais do traballo artístico, esta actividade permitiulles reflexionar sobre a cantidade de lixo que xeramos diariamente e sobre o impacto que iso ten no planeta. Foi tamén unha oportunidade para poñer en práctica competencias como a colaboración, a planificación, a expresión artística e o compromiso social.

As obras foron expostas nas rúas de Redondela xunto ás doutros centros educativos da contorna, nunha mostra que encheu as rúas de mensaxes e de propostas para un mundo máis sostible. Participar no ArteLixo é, para o noso centro, unha forma de aprender facendo, de educar na creatividade e de achegarse de maneira activa á educación ambiental.





COÑECEMOS HISTORIAS, VISITAMOS A BIBLIOTECA HUMANA. TEXTOS DO ALUMNADO DE FILOSOFÍA DE 4º DA ESO

O pasado 20 de maio, os alumnos e alumnas de 4º da ESO de filosofía tivemos a oportunidade de participar nunha saída moi diferente, dentro do Museo Marco de Vigo.

A actividade foi proposta pola nosa profesora Patri, que decidiu integrala como parte da clase de Filosofía, xa que encaixaba moi ben cos temas que estabamos a traballar. Fomos a unha Biblioteca Humana, un concepto que nos chamou moito a atención desde o principio.

En lugar de libros, alí as historias contábanas persoas reais. No noso caso, falamos con presos do cárcere da Lama, que, de forma voluntaria, compartiron as súas experiencias connosco. Ao principio non sabiamos moi ben como ía ser, pero a verdade é que foi unha experiencia moi especial, porque nos rompeu moitos prexuizos que tiñamos sobre os cárceres e sobre a xente que está alí. escoitar directamente a estas persoas, con respecto e atención, fíxonos reflexionar e ver as cousas desde outro punto de vista. Aprendemos dunha maneira moi diferente, conversando, preguntando e escoitando, non só desde a teoría, senón desde a vida mesma. Todo pasou moi rápido, pero levámonos unha sensación moi positiva. Foi unha actividade que sen dúbida non imos esquecer.



UN DÍA NO CASTELO DE SOUTOMAIOR

Este curso, o alumnado de 1º da ESO visitou o Castelo de Soutomaior! Durante a visita, contáronnos un montón de cousas interesantes sobre a historia do castelo, quen viviu alí e mesmo de onde vén o nome de Soutomaior.

Despois de ver o interior, demos unha volta polos xardíns, onde aprendemos moito sobre as árbores e as plantas que hai alí.

Pasámolo xenial, aprendemos cousas novas e disfrutamos dun día diferente nun lugar cheo de natureza e historia.



CÍRCULO RESTAURATIVO ARREDOR DO LIBRO "UTOPIÍA, UNHA AVENTURA FILOSÓFICA"

Este curso, o Club de Lectura do IES Illa de San Simón, en colaboración co Grupo de Benestar, organizou unha actividade moi especial arredor da lectura do libro Utopía, unha aventura filosófica, unha obra que nos leva a reflexionar sobre a sociedade, a liberdade, a xustiza e os valores que rexen as nosas vidas.

Despois de compartir impresións sobre a lectura, a profe Paula e a profe Sonia xunto co alumnado participante reuniuse para levar a cabo un círculo restaurativo, un espazo de diálogo e escoita activa no que todas as persoas tiveron a oportunidade de expresar como os temas tratados no libro se relacionaban co mundo real... e co seu propio mundo interior.

Falouse da utopía como un horizonte cara ao que camiñar, das inxustizas cotiás que ás veces normalizamos, da importancia de poñerse no lugar doutras persoas, de pensar antes de xulgar, e de construír espazos máis xustos e amables dentro e fóra do instituto.

Foi unha actividade na que se combinou a lectura coa filosofía, o pensamento crítico co coidado emocional. Un bo exemplo de como a literatura pode axudarnos a entender mellor o mundo e a nós mesmas e memos, e de como o diálogo pode ser unha ferramenta poderosa para construír convivencia.



GALIMATE

No pasado mes de decembro, o Departamento de Matemáticas puxo en marcha a Feira de Xogos e Matemáticas: o Galimate.

Foron xornadas cheas de retos matemáticos e probas pensadas para implicar a todo o alumnado do centro. Ao longo das xornadas, cada participante enfrontouse a seis desafíos, nos que puxo a proba a súa capacidade de razoamento, lóxica e creatividade.

Agardamos con ilusión a próxima edición do ano 2026!



OLIMPIÁDA MATEMÁTICA

Este curso, unha representación do noso alumnado tivo a oportunidade de participar na fase de zona da Olimpíada Matemática, un certame que premia a destreza, a creatividade e o gusto polo pensamento matemático.

Ao longo da xornada, os e as participantes enfrontáronse a diferentes retos matemáticos. Fóra dos exercicios máis académicos, a Olimpíada propuxo probas desafiantes e divertidas que fixeron da experiencia un espazo de aprendizaxe e entretemento.

O noso alumnado amosou un excelente nivel, implicouse ao máximo e, por riba de todo, gozou das matemáticas.



OS GRUPOS DE ORATORIA

NO PARLAMENTO GALEGO

TEXTOS DO ALUMNADO DE 3ºESO A E 3ºESO B

O día 20 de maio de 2025 os alumnos e alumnas de oratoria de 3ªA e B fomos a Santiago. Alí visitamos o Parlamento de Galicia, as cubertas da catedral e o museo do Pobo Galego. No Parlamento fixéronnos unha visita guiada por todas as súas instalacións explicándonos o que facían en cada unha delas.

Ao rematar fomos ver un debate ao plenario do Parlamento onde falaram o conselleiro de sanidade e as deputadas do partido Socialista e do Bloque Nacionalista Galego. No pleno falouse sobre a situación sanitaria actual en Galicia tocando distintos temas como o da vacinación, as listas de agarda ou a falta de persoal.

Puxeron o exemplo do centro de saúde da Mariña en Burela, o representante do PP remarcaba ca situación do centro era sobresaínte, un claro exemplo dun bo hospital en Galicia. En cambio as representantes do PSOE e do BNG desmentían todos os seus datos.

Ao rematar o pleno acompañáronnos dous representantes de cada partido para poder resolver algunhas dúbidas sobre o funcionamento do Parlamento de Galicia e a política en xeral.

Despois visitamos a catedral na que tivemos unha visita guiada polas súas cubertas onde nos explicaron toda a súa historia levándonos polas distintas fachadas desta e explicando a súa estrutura.

Por último visitamos o museo do Pobo Galego percorrendo as distintas características que acontecían na Galicia antiga mediante carteis, vídeos e exposicións.



XOGAMOS AO PÁDEL!

Durante o mes de marzo, o alumnado de 3º da ESO tivo a oportunidade de iniciarse nunha disciplina deportiva que gaña cada vez máis adeptos: o pádel. Organizada polo Departamento de Educación Física, esta actividade permitiu ao estudantado experimentar unha nova forma de exercicio físico fóra do contexto habitual do instituto.

As sesións desenvolvéronse nunhas instalacións deportivas próximas ao centro, onde os grupos practicaron os aspectos básicos do xogo: a técnica de golpeo, as regras principais, os movementos en parella e a estratexia de partido. Aínda que para moitos e moitas era a primeira vez, foi unha moi boa experiencia.



APRENDEMOS A SALVAR VIDAS NO ILLA. RCP.



No mes de maio, o alumnado de 2º e 4º da ESO participou nun taller práctico de primeiros auxilios e soporte vital básico organizado polo Departamento de Educación Física en colaboración co persoal sanitario do PAC de Redondela.

Durante as sesións, os rapaces e rapazas puideron aprender e practicar técnicas esenciais para actuar ante situacións de emerxencia, como a reanimación cardiopulmonar (RCP), a posición lateral de seguridade ou a manobra de Heimlich, imprescindible en casos de atragoamento.

A actividade o alumnado tomou conciencia da importancia de saber reaccionar con calma e eficacia ante un accidente ou parada cardio-respiratoria. Sen dúbida, unha aprendizaxe para toda a vida.



REDONDELA INVESTIGADA, O IES ILLA DE SAN SIMÓN GAÑA O SEGUNDO PREMIO

Rubén Durán, Teo Mouriño, Dani Chen e Mateo Fernández de 2º C resultaron gañadores do 2º premio na categoría Penlas do I Certame de Investigación en Ciencias Sociais “Redondela Investigada”.

O certame “Redondela Investigada” ten como obxectivo promover o estudo e coñecemento sobre o patrimonio material e inmaterial do concello de Redondela, ao tempo que promociona o espírito científico, crítico e investigador do alumnado de secundaria. O seu proxecto, titulado “Os anos de adolescencia das nosas avoas”, destacou entre outros e resultou gañador dun ben merecido 2º premio.

Grazas rapaces por contribuír a recuperar e visibilizar a memoria das nosas avoas.



ACTIVIDADE DE REMO NA ENSEADA DE SAN SIMÓN



Ao longo deste curso, o alumnado de 1º e 4º da ESO tivo a oportunidade de achegarse ao remo, un deporte con moita tradición no noso concello. A actividade, organizada polo Departamento de Educación Física en colaboración co Club de Remo de Cesantes, permitiulles coñecer este deporte dende dentro, combinando teoría e práctica.

Na primeira avaliación, traballamos no propio instituto para descubrir a historia da navegación en traíña, e iniciámonos na técnica a través de prácticas con remoergómetros, simuladores que reproducen o xesto de remar.

Despois demos un paso máis alá e desprazámonos ás instalacións do club na praia de Cesantes, onde o alumnado puido practicar no foxo, un espazo preparado para adestrar fóra da auga. E finalmente, chegou o momento máis agardado: remar nunha traíña polas augas da Enseada de San Simón.

Foi unha experiencia única que combinou natureza, deporte e traballo en equipo. Queremos agradecer moi especialmente ao Club de Remo Cesantes e ás persoas que fixeron posible esta actividade.

TORNEO DE XADREZ INTERCENTROS 2025

Durante o mes de maio as alumnas e alumnos de 1º e 2º de ESO participaron no xa tradicional torneo intercentros xunto cunha morea de alumnos e alumnas dos centros da contorna.

Foi unha xornada moi divertida e ata volvemos cun tercer posto para casa. Moitas grazas á organización e en especial a Miguel Ángel do IES Floriani polo esforzo de montar esta actividade.



VISITAMOS O ARQUIVO MUNICIPAL DE REDONDELA

No segundo trimestre, o alumnado de 4º da ESO fixemos unha saída ao Arquivo Municipal de Redondela, acompañados polo Departamento de Historia. A verdade é que non sabiamos moi ben o que nos íamos atopar, pero resultou ser moito máis interesante do que pensabamos!

Nada máis chegar, explicáronnos en que consiste o traballo que se fai nun arquivo: conservar documentos históricos, organizar información e, sobre todo, axudar a que non se perda a memoria do noso concello. Amosáronnos documentos moi antigos, e contáronnos cousas curiosas sobre a historia local que descoñeciamos por completo.

Tamén aprendemos como se catalogan os documentos, como se restauran os que están danados e por que é tan importante coidar este tipo de patrimonio. Foi como viaxar ao pasado, pero sen máquina do tempo.

A visita fíxonos ver que a historia non está só nos libros: está tamén nos papeis vellos que gardan milleiros de historias reais, da xente do noso propio pobo. E iso fíxonos pensar en todo o que queda por descubrir se sabemos onde mirar.



SALVAR A AUGA DE REDONDELA

A contaminación da auga é un dos maiores problemas medioambientais do mundo. Cada ano, millóns de toneladas de lixo, produtos químicos e plásticos acaban nos ríos, lagos e océanos afectando á fauna, a flora e ás persoas. este problema non só dana os ecosistemas, senon que tamén pon en perigo a nosa saúde e a de futuras xeracións. Unha soa cabicha de cigarro pode contaminar ata 1.000 liltros de auga.

En Redondela tamén sufrimos as consecuencias desta realidade. Lixo nas praias, resíduos nos ríos e verquidos ilegais ameazan os nosos espazos naturais. Lugares tan importantes como o río Maceiras foron testemuña do impacto negativo que a contaminación provoca na nosa contorna máis preto.

Pero aínda estamos a tempo de cambiar as cousas. Cada xesto conta. Cando tiramos un residuo ao chan ou usamos plásticos dun só uso, tamén nos estamos prexudicando a nos mesmos/as. a auga que contaminamos hoxe é a auga que precisaremos mañá.

Invitámoste a reflexionar coas nosas pinturas e a formar parte da solución. Cada persoa podemos protexer a auga e construír un futuro máis limpo, san e xusto para todas e todos.

Coida da auga, a auga é vida
a auga é todo, a auga
somos nós.





25 NON SON NADA... E O SON TODO

Curso 2024-2025. Hai xa 25 anos que un novo edificio abría as súas portas en Redondela. Co cambio de milenio, o antigo colexio daba paso a unha nova estrutura deseñada para acoller ao alumnado da recién estreada ESO, Unhas instalacións destinadas a acoller a mocidade do casco urbano da vila.

Parte do profesorado do colexio fixo a transición a este novo instituto, Outros docentes chegaron para dar vida a un proxecto educativo que, 25 anos despois, ten visto pasar a máis de 1500 redondeláns e redondelás, 305 docentes, preto dunha ducia de persoas nos servizos de administración, ademais de diferentes equipos á fronte da cafetaría.

Polo camiño, sucedéronse corporacións municipais, administracións autonómicas e reformas educativas. Mais houbo unha constante: a procura dunha educación de calidade por riba de todo. Unha educación que non sería posible sen a implicación das familias. Miles de familias redondelás que confiaron no IES Illa de San Simón para formar aos seus fillos e fillas.

25 anos poden parecer moitos... e tamén poucos. Neste cuarto de século, estas paredes foron testemuñas de milleiros de historias e ilusións. Dun alumnado que, segundo puido comprobar este equipo directivo dende a súa chegada, é excepcional.

Nós levamos só unha parte pequena deste camiño, pero abonda para saber que o Illa deixa pegada. Porque aquí respirase algo diferente. Nos corredores, nas aulas, nos talleres, na biblioteca, no pavillón, nos despachos, na cafetaría, na sala de profesorado, en administración e conserxería, nos xardíns... hai calidez humana, hai compromiso, hai compañeirismo. Hai traballo en equipo. Hai educación. Educación con maiúsculas. Un proxecto colectivo no que o equipo directivo é só a punta do iceberg.

Por iso dicimos que 25 anos non son nada... e son todo. Non son nada porque ao Illa aínda lle quedan moitos anos por diante, e con ledicia celebraremos o 50 aniversario. Son todo porque neste tempo varias xeracións de veciños e veciñas de Redondela medraron e convertéronse en persoas activas e comprometidas coa sociedade. Moitas grazas a todas e todos por facer do IES Illa de San Simón un lugar tan especial.

Maio de 2025

O equipo directivo: Alberto, Loly e Begoña

CELEBRAMOS OS 25 ANOS DO ILLA SAN SIMÓN

Este curso celebramos unha data moi especial: o 25 aniversario do noso instituto, o IES Illa de San Simón. Un cuarto de século de aprendizaxes, encontros, proxectos compartidos e milleiros de historias que merecían ser recordadas e celebradas como se merece.

Para conmemorar esta data tan sinalada, organizamos diferentes actividades que serviron para lembrar o camiño percorrido e recoñecer o traballo de todas as persoas que, en maior ou menor medida, fixeron e fan posible este proxecto educativo.

Nada máis entrar no centro, penduramos un mural conmemorativo elaborado polo alumnado e o departamento de plástica, que quedará exposto na entrada como símbolo da nosa identidade.

No biblioteca, unha exposición da historia da revista escolar percorre visualmente os fitos, os temas e os cambios vividos polo noso alumnado ao longo destes anos. Tamén elaborouse por parte do departamento de historia un libro sobre a Memoria do Illa.

E, por último, puxemos unha mostra cos nomes de todo o profesorado que pasou polo Illa, así como unha exposición fotográfica que amosa en imaxes todas as promocións que pasaron por este centro, desde os seus inicios ata hoxe.

Un dos momentos máis emocionantes da celebración foi a plantación dunha árbore senlleira no patio.

O acto central tivo lugar no noso pavillón, cunha celebración institucional na que contamos coa presenza de representantes da Consellería de Educación e da Corporación Municipal de Redondela.

Neste evento, fixemos un merecido recoñecemento ao profesorado e ao persoal de administración e servizos que levan 25 anos no centro, medrando co instituto desde os seus primeiros pasos e sendo parte fundamental da súa historia.

Celebrar estes 25 anos foi mirar atrás con orgullo, pero tamén mirar ao futuro con ilusión, co desexo de seguir construíndo un IES Illa de San Simón que acolla, ensine e inspire ás xeracións vindeiras.





Equipos de
Dinamización
da Lingua Galega